CONCELLO DE SANTIAGO
SECRETARÍA DO PLENO
Data 27 NOV. 2015
ENTRADA
Hora................ Núm. 265

O Grupo Municipal Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico de Funcionamento, presenta para o seu debate na seguinte sesión do Pleno a seguinte Proposición:

O anterior goberno municipal do Partido Popular foi plenamente consciente de que as novas tecnoloxías da información e da comunicación podían mellorar notablemente a mobilidade, contribuíndo á súa sustentabilidade económica e ambiental, e mellorando a experiencia e as posibilidades de desprazamento urbanos dos cidadáns. Foron varias as alternativas tecnolóxicas que contemplaba o anterior goberno en orde a mellorar a mobilidade, e entre elas destacaron a aplicación "Appacar" -una innovadora aplicación para teléfonos móbiles que favorecía a mellor xestión e racionalidade dos estacionamentos en superficie, e que, sorprendentemente, non semella ter suscitado o interese do novo goberno, pese a que sí suscitou o aplauso de usuarios locais e especialistas internacionais- e a aplicación "Máis bus", unha ferramenta que pode resultar decisiva no propósito de incorporar máis e distintos usuarios ao transporte urbano colectivo, pero que non semella ser o suficientemente coñecida.

"Máis bús" é unha aplicación que, como se sabe, permite ao usuario ser advertido, a distancia, da chegada do autobús a unha parada, ou que lle permite coñecer o mellor traxecto en transporte urbano dun punto a outro, e que, sobre todo, lle permite coñecer o tempo que falta para que chegue o autobús a unha parada; unha información esta última que tamén achegan os algo máis de vinte postes electrónicos instalados en concretas paradas, postes aos que, consonte a iniciativa do anterior goberno, deberían incorporarse en breve dúas unidades máis.

É evidente que a aplicación "Máis bus" -ademais de prestixiar o propio transporte colectivo ao vinculalo á innovación e á modernidade- resulta máis eficiente e de máis alcance que a alternativa dos postes electrónicos, pero tamén é certo que unha porcentaxe importante das persoas usuarias do transporte urbano colectivo, ben sexa por razóns de idade ou incluso por razóns económicas, non teñen acceso á aplicación móbil, e que non deben quedar excluídas do acceso a unha información elemental sobre o transporte público. Unha información, a relativa ao tempo de chegada dun autobús, que se revela como un elemento esencial para atraer usuarios a este servizo público, para superar a incómoda

incerteza que se expresa na habitual pregunta de tantas paradas: "Sabe se xa pasou o cinco?".

O certo é que a sociedade municipal de transporte -Tussa- é unha sociedade economicamente saneada que no anterior exercicio non puido contemplar determinados investimentos por unha razón de prudencia orzamentaria, toda vez que a pendencia dunha reclamación laboral e a mera posibilidade de ter que afrontar as consecuencias económicas dun fallo adverso limitaban a disposición de fondos. Exonerada a sociedade de calquera responsabilidade cabe que faga investimentos que redunden na mellora da mobilidade das cidadás e cidadáns.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular insta ao Goberno Municipal a que, a través da sociedade municipal Tussa:

Primeiro.- Impulse a adquisición no próximo exercicio 2016 de oito postes electrónicos.

Segundo.- Sen maior coste publicitario de deseño ou de soportes, e a través, por exemplo, da distribución de folletos ou de envíos dixitais, difunda en determinados centros atractores de viaxeiros ou en determinadas corporacións profesionais ou empresas a aplicación "Maisbus".

Santiago a 26 de novembro de 2015

Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.